

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

5776 *Real decreto 511/2017, do 22 de maio, polo que se desenvolve a aplicación en España da normativa da Unión Europea en relación co programa escolar de consumo de froitas, hortalizas e leite.*

O Regulamento (UE) n.º 2016/791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2016, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1308/2013 e (UE) n.º 1306/2013 no que atinxe ao réxime de axudas para a distribución nos centros escolares de froitas e hortalizas, plátanos e leite, estableceu un novo réxime para o programa de consumo de froitas e hortalizas e o programa de consumo de leite nas escolas, dotándoo dun marco xurídico e financeiro común, máis adecuado e efectivo, coa finalidade de maximizar o impacto da distribución e aumentar a eficacia da xestión dos programas escolares.

Xunto con el, o Regulamento (UE) n.º 2016/795 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2016, que modifica o Regulamento (UE) n.º 1370/2013 polo que se establecen medidas relativas á fixación de axudas e restitucións en relación coa organización común de mercados dos produtos agrícolas, adapta as disposicións sobre a axuda para a distribución de froitas e hortalizas aos nenos e a axuda á distribución de leite e de produtos lácteos a este novo réxime de axudas.

Na actualidade segue existindo unha tendencia á baixa no consumo de froitas e hortalizas frescas e de leite de consumo, por isto os regulamentos establecen a necesidade de centrar a distribución de forma prioritaria nestes produtos, aínda que se permita, por decisión dos Estados membros, distribuír produtos transformados a base de froitas e hortalizas e outros produtos lácteos sen adición de aromatizante, froitas, froitos secos ou cacao, ou os produtos lácteos fermentados e bebidas a base de leite recollidos no anexo V do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/01 e (CE) n.º 1234/2007. Así mesmo, deben realizarse esforzos para garantir a distribución de produtos locais e rexionais, e ás rexións menos desenvolvidas e ás rexións ultraperiféricas.

Os regulamentos, ademais de recoller as condicións xerais relativas á selección dos solicitantes, ás medidas educativas de acompañamento e os custos subvencionables, establecen que, para poder participar no réxime escolar, é condición necesaria que os Estados membros establezan a súa estratexia nacional ou rexional de carácter plurianual, así como a presentación dunha solicitude de axuda da Unión Europea anualmente.

O Real decreto 487/2010, do 23 de abril, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, incorporou a regulamentación comunitaria posteriormente derogada polo Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos da Unión Europea, e dado que é preciso desenvolver algúns aspectos do Regulamento (UE) 2016/791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2016; do Regulamento (UE) 2016/795 do Consello, do 11 de abril de 2016; do Regulamento de execución (UE) 2017/39 da Comisión, do 3 de novembro de 2016, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que toca á axuda da Unión para a distribución nos centros escolares de froitas e hortalizas, plátanos e leite, e do Regulamento delegado (UE) 2017/40 da Comisión, do 3 de novembro de 2016,

polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á axuda da Unión para a subministración de froitas e hortalizas, plátanos e leite nos centros escolares e se modifica o Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, procede derrogar o citado Real decreto 487/2010, do 23 de abril, e substituílo por un novo, que estableza as normas de desenvolvemento no relativo á axuda para a distribución nos centros escolares tanto de froitas e hortalizas como de leite e produtos lácteos, ás medidas educativas de acompañamento que apoien a dita distribución de produtos, así como as disposicións relativas aos solicitantes, á estratexia e ás solicitudes de axuda da Unión Europea que os Estados membros deben presentar á Comisión.

Mediante o presente real decreto unifícase o tratamento dado no Reino de España ao plan escolar de consumo de leite e produtos lácteos, substituíndo polo presente real decreto o até agora vixente Real decreto 487/2010, do 23 de abril, que se deroga, sen prexuízo de que a disposición transitoria estableza a súa aplicación até o fin do plan no presente curso escolar e ao plan de consumo de froitas e hortalizas, que, a diferenza do anterior, non deu lugar a norma interna ningunha de facilitación da execución directa dos regulamentos a el dedicados, por se considerar innecesario.

De acordo con todo o anterior, a finalidade do presente real decreto é aprobar a normativa que facilite a concesión dunha axuda financiada con cargo aos fondos da Unión Europea. En todo o non previsto nos regulamentos citados e neste real decreto, aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A xestión do financiamento comunitario levarase a cabo de acordo co previsto no Real decreto 521/2006, do 28 de abril, polo que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas.

O réxime de axudas previsto no presente real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional.

O presente real decreto dítase en aplicación da normativa da Unión Europea antes citada.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 19 de maio de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer as condicións básicas de aplicación do réxime de axudas para a distribución de froitas e hortalizas, froitas e hortalizas transformadas e produtos do plátano, leite e produtos lácteos aos nenos en centros escolares, no marco dun programa escolar de consumo de froita e hortalizas e de leite, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) n.º 2016/791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2016, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1308/2013 e (UE) n.º 1306/2013 no que atinxe ao réxime de axudas para a distribución nos centros escolares de froitas e hortalizas, plátanos e leite, e no Regulamento (UE) n.º 2016/795 do Consello, do 11 de abril de 2016, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1370/2013, polo que se establecen medidas relativas á fixación de determinadas axudas e restitucións en relación coa organización común de mercados dos produtos agrícolas, e os regulamentos que os desenvolven e complementan, para mellorar a distribución de froitas e hortalizas, froitas e hortalizas transformadas e produtos do plátano, leite e produtos lácteos e os hábitos alimentarios dos nenos en centros escolares.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos da aplicación do presente real decreto, entenderase por:

- a) Ano escolar: período comprendido do 1 de agosto ao 31 de xullo do ano seguinte.
- b) Destinatarios: os alumnos que asisten regularmente a un centro escolar administrado ou recoñecido pola autoridade competente no ámbito educativo que pertenza a unha das categorías seguintes: gardarías ou outros centros de preescolar e escolas primarias e secundarias, en particular, escolas infantís, colexios de educación primaria, colexios de educación infantil e primaria, institutos de educación secundaria e centros de educación especial e outros centros docentes que determinen as administracións educativas.
- c) Grupo obxectivo: grupo de idade dos escolares obxecto do programa escolar establecido na Estratexia nacional
- d) Solicitante de axuda: será aquel provedor de produtos ou servizos e, de maneira excepcional, os centros escolares, que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 8, 9 e 11.

Artigo 3. *Estratexia.*

1. De acordo co artigo 2 do Regulamento delegado (UE) 2017/40 da Comisión, do 3 de novembro de 2016, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo á axuda da Unión para a subministración de froitas e hortalizas, plátanos e leite nos centros escolares e se modifica o Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e en coordinación coas comunidades autónomas, será o responsable da elaboración da Estratexia para a aplicación do programa escolar en todo o territorio nacional, que cubrirá un período de seis anos. A Estratexia, que terá ámbito nacional, será aprobada e comunicada á Comisión pola Dirección Xeral da Industria Alimentaria e estará dispoñible no sitio web http://www.mapama.gob.es/es/alimentacion/temas/promocion-alimentaria/programa_escolar/.

2. Para os efectos da elaboración da Estratexia nacional, as comunidades autónomas prepararán unha memoria conforme o modelo de intercambio de datos que se recolle no anexo I e remitirana, con carácter xeral, antes do 1 de marzo que precede o primeiro curso escolar cuberto pola estratexia á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, co fin de asegurar que a información que se incorpore na Estratexia nacional se axusta aos regulamentos (UE).

Para a Estratexia con inicio no curso escolar 2017/18, o prazo máximo para a remisión da memoria será o 15 de xuño de 2017.

3. Calquera modificación da información recollida na memoria mencionada no número anterior deberá ser comunicada á Dirección Xeral da Industria Alimentaria no prazo máximo de vinte días desde que se produza esa modificación, para efectos de realizar as correspondentes modificacións da Estratexia nacional e da súa comunicación á Comisión.

Artigo 4. *Produtos.*

1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente garantizará a pertinente participación das autoridades nacionais encargadas da saúde e a nutrición na elaboración da lista de produtos que se vaian distribuír. Poderán ser obxecto de distribución no programa escolar os seguintes grupos de produtos:

- a) Os produtos frescos do sector de froitas e hortalizas e do sector do plátano.
- b) Leite de consumo e as súas versións sen lactosa.

2. Co fin de fomentar o consumo de produtos específicos ou para responder ás necesidades nutricionais particulares dos nenos no seu territorio tamén poderán ser obxecto de distribución no programa escolar:

- a) Os produtos transformados a base de froitas e hortalizas.
- b) Queixo, leite callado, iogur natural e outros produtos lácteos fermentados ou acidificados, sen adición de aromatizante, froitas, froitos secos ou cacao.

3. A axuda da Unión Europea destinarase preferentemente á distribución dos grupos de produtos recollidos no número 1.

4. En ningún caso os produtos indicados nos números 1 e 2 poderán conter edulcorantes nin potenciadores artificiais do sabor E 620 a E650 engadidos e só poderán conter sal ou graxas engadidas, en cantidades limitadas, precedendo autorización da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aecosan). Para obter esta autorización as comunidades autónomas deberán presentar unha solicitude motivada á Dirección Xeral da Industria Alimentaria para o seu traslado á Aecosan.

5. Os límites máximos de sal e graxas engadidos autorizados pola Aecosan estarán dispoñibles no sitio web http://www.mapama.gob.es/es/alimentacion/temas/promocion-alimentaria/programa_escolar/.

6. Os produtos citados no número 2 non poderán conter azucres engadidos.

7. Os queixos poderán conter como máximo un 10% de ingredientes non lácticos.

Artigo 5. Axuda da Unión para a subministración e a distribución de produtos.

1. A axuda da Unión poderase destinar a financiar a subministración e distribución, incluída a loxística e repartición dos produtos subvencionables a que se fai referencia no artigo 4. Os produtos non poderán ser obxecto de distribución no marco das comidas escolares.

2. O importe máximo aplicable ao produto en euros/kg para a subministración e distribución, incluídos os custos de loxística e repartición, será o establecido no anexo II. Non obstante, dada a gran dispersión xeográfica dalgúns centros escolares do territorio nacional, cando as rutas de distribución supoñan máis de 350 quilómetros poderase complementar o valor máximo aplicable ao produto en euros/kg, para cubrir gastos extra de transporte tal e como se establece no anexo II.

Os importes previstos no anexo II, excepto os gastos extra de transporte, poderanse incrementar até un máximo do 20 % para produtos avalados por réximes de calidade recoñecidos pola Unión Europea, establecidos no Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, e no Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/91, ou dos réximes de calidade a que se refire o artigo 16, número 1, alíneas b) e c), do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.

Para os produtos distribuídos aos centros escolares da Comunidade Autónoma de Canarias e de Extremadura, así como aquelas outras comunidades autónomas que nun futuro poidan ser consideradas rexións menos desenvolvidas de acordo co anexo I da Decisión de execución da Comisión do 18 de febreiro de 2014, que establece a lista de rexións que poden recibir financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo Social Europeo, e dos Estados membros que poden recibir financiamento do Fondo de Cohesión durante o período 2014-2020, o valor máximo aplicable ao produto en euros/kg contido no anexo II poderá incrementarse até un 20%.

Ademais, de acordo co establecido no artigo 7 do presente real decreto, as comunidades autónomas poderán complementar o valor máximo aplicable ao produto en euros/kg con fondos propios.

En virtude do disposto no artigo 2.2 do Regulamento delegado (UE) 2017/40 da Comisión, en caso dos produtos que non se ofrezan gratuitamente, a estratexia comunicada á Comisión recollerá as medidas postas en marcha para garantir que a axuda da Unión se reflecta no prezo a que se facilitan os produtos aos centros escolares.

Artigo 6. Axuda da Unión para medidas educativas de acompañamento e outros gastos conexos.

1. Tamén serán financiáveis mediante axuda da Unión Europea as seguintes actividades:

- a) Medidas educativas de acompañamento, e
- b) custos de publicidade, de seguimento e de avaliación do programa escolar.

2. Para seren subvencionables, as medidas educativas de acompañamento deberán estar directamente orientadas á consecución dos obxectivos xerais do programa escolar, en concreto a:

- a) Aumentar, a curto e longo prazo, o consumo dos produtos obxecto do programa escolar e reconectar os nenos coa agricultura e a produción alimentaria.
- b) Promover hábitos e condutas saudables vinculadas ao consumo dos ditos produtos nos alumnos dos centros escolares, así como á promoción doutros hábitos saudables como a actividade física.

Como obxectivos complementarios, estas medidas estarán orientadas a incrementar o coñecemento por parte dos alumnos abordando outros temas conexos como as cadeas alimentarias locais, a agricultura ecolóxica, a produción sustentable ou a loita contra o desperdicio de alimentos.

3. As encargadas do deseño das medidas educativas de acompañamento serán as autoridades competentes das comunidades autónomas en que estean os centros nos cales se vaian desenvolver. Non obstante, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e as comunidades autónomas, poderá desenvolver medidas educativas de acompañamento do programa escolar, incluída a produción de materiais e a súa posta á disposición dos órganos competentes das comunidades autónomas e dos centros escolares, así como realizar a avaliación do programa escolar no conxunto do territorio nacional.

As medidas mencionadas serán deseñadas e desenvolvidas sobre a base das recomendacións elaboradas polo Grupo nacional de expertos en medidas de acompañamento, creado en virtude das directrices da Comisión Europea ao respecto, que conta entre os seus membros con asesores vinculados cos sectores educativo e sanitario. As recomendacións do Grupo nacional de expertos son de acceso público no sitio web http://www.mapama.gob.es/es/alimentacion/temas/promocion-alimentaria/programa_escolar/.

4. De maneira complementaria aos produtos previstos no artigo 4, as medidas educativas de acompañamento poderán incluír a distribución para a súa degustación doutros produtos agrícolas nacionais, como aceite de oliva, olivas de mesa sen carabuña e mel, logo da participación preceptiva na súa elaboración da Aecosan.

5. A axuda da Unión Europea ás actividades recollidas nas alíneas a) e b) do número 1 estará limitada, respectivamente, ao 15% e ao 10% da cantidade de axuda comunicada por cada comunidade autónoma, de acordo co previsto no número 1 do anexo IV.

Artigo 7. Axuda nacional.

1. De acordo co previsto no artigo 217 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/01 e (CE) n.º 1234/2007,

a axuda de Unión Europea poderá ser completada cunha axuda nacional, que poderá ser financiada con fondos dos orzamentos xerais do Estado de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e, se for o caso, con fondos das comunidades autónomas. Estas poderán tamén determinar que existan achegas do sector privado ao financiamento, incluídas as achegas en especie.

2. No caso de que se destine axuda proveniente dos orzamentos xerais do Estado, exceptuaranse os territorios históricos de País Vasco e Navarra en virtude dos seus respectivos concertos.

3. As comunidades autónomas que concedan unha axuda nacional poderán outorgala segundo criterios establecidos por elas, sempre e cando non sexan contrarios á Estratexia nacional comunicada á Comisión Europea. Calquera axuda nacional ou achega do sector privado deberá ser descrita, cuantificada e comunicada á Dirección Xeral da Industria Alimentaria na memoria contida no artigo 3.2.

Artigo 8. *Solicitantes de axuda para a subministración e a distribución de produtos.*

1. A axuda para a subministración e distribución de produtos será solicitada por provedores destes que estean interesados na participación no programa escolar.

2. De maneira excepcional, as comunidades autónomas poderán determinar que a axuda poida ser solicitada por centros escolares.

3. As comunidades autónomas tamén poderán ter a consideración de provedores para os centros escolares do seu ámbito territorial e xestionar directamente a subministración e distribución dos produtos.

No caso de que a contratación da subministración e distribución se realice mediante procedementos de contratación pública, non será necesaria a subscripción previa dos compromisos a que se refiren as alíneas a), c), e) e f) do número 1 do artigo 6 do Regulamento delegado (UE) 2017/40, sempre que se inclúan nas condicións de participación no dito procedemento.

Este procedemento non poderá supor a exclusión da axuda da Unión Europea a ningún provedor, sempre que a súa participación fose aprobada de acordo co procedemento previsto no artigo 9, e cumpra os requisitos indicados no número 1 do mesmo artigo establecidos polas comunidades autónomas onde estean os centros escolares en que vaian realizar a subministración e distribución.

Artigo 9. *Procedemento para participar na distribución de produtos.*

1. As comunidades autónomas establecerán os períodos de subministración e calendarios de distribución, así como disposicións relativas ás categorías e calidade dos produtos que vaian ser distribuídos en centros escolares do seu ámbito territorial, e calquera outro requisito respecto aos grupos obxectivo e centros escolares onde se distribúan os produtos, sempre que sexan acordos coa Estratexia nacional. Esta información deberá estar á disposición dos posibles solicitantes coa suficiente anticipación para efectos de que poidan presentar as declaracións de participación indicadas no seguinte número.

2. Os interesados previstos no artigo 8 que queiran participar no programa escolar, excepto se participan en procedementos de contratación pública de acordo co parágrafo segundo do número 3 do mesmo artigo, deberán presentar, o máis tardar o 15 de setembro do ano anterior ao inicio do curso escolar, unha declaración de participación de acordo co modelo establecido no anexo III ante o órgano competente da comunidade autónoma onde teña a súa sede social, para a súa aprobación, que terá validez en todo o territorio nacional e unha duración dun curso escolar, excepto se é suspendida ou retirada en virtude do artigo 15.

Para o curso escolar 2017/18 as declaracións de participación deberán presentarse no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do presente real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

3. As comunidades autónomas enviarán ao Fondo Español de Garantía Agraria (Fega) por vía electrónica, o máis tardar o 15 de outubro do ano anterior ao inicio do curso escolar, copia das declaracións de participación que fosen aprobadas.

De acordo con esta información, o Fega elaborará, para cada comunidade autónoma, unha lista cos participantes aprobados que, de acordo coas súas declaracións de participación, teñen prevista a distribución de produto no seu ámbito territorial, así como as categorías e cantidades de produtos que poden distribuír, e comunicarao ás comunidades autónomas o máis tardar o 15 de novembro de cada ano.

Para o curso escolar 2017/18 o prazo previsto no primeiro parágrafo será de 20 días contados desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das declaracións de participación e para o previsto no segundo parágrafo, 20 días contados desde o día seguinte á finalización do prazo anterior.

4. Así mesmo, o Fega manterá un rexistro actualizado do estado das declaracións de participación, incluíndo as suspensións ou retiradas como consecuencia dos incumprimentos previstos no artigo 15, que estará dispoñible na súa páxina web.

Artigo 10. *Procedemento para o pagamento da axuda para a distribución de produto.*

1. Os solicitantes deberán presentar as solicitudes de pagamento ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se realizase a distribución nun prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ao final do período de subministración que establecese cada comunidade autónoma de acordo co artigo 9.1.

2. Como mínimo, as solicitudes de pagamento relativas á subministración e a distribución de produtos incluírán a seguinte información:

- a) As cantidades de produto distribuídas por grupos de produto.
- b) O nome e o enderezo do centro escolar ou a autoridade educativa a que se lle distribuíu o produto.
- c) O número de nenos matriculados ao comezo do curso escolar nos centros escolares respectivos con dereito a recibir os produtos no período cuberto pola solicitude de axuda.

3. Xunto coa solicitude de pagamento será necesaria a presentación dun recibo ou factura das cantidades de produtos efectivamente subministradas ou distribuídas.

4. En caso de que unha comunidade autónoma establecese sistemas de pagamento sobre a base de baremos estándar de custos unitarios, financiamento a tipo fixo ou cantidades a tanto global, os importes declarados nas solicitudes de axuda deberán estar avalados por probas alternativas que mostren que os produtos foron distribuídos ou subministrados e debidamente pagados.

5. Se o prazo de presentación da solicitude de pagamento establecido no número 1 se excede en menos de 60 días naturais, a axuda verase reducida como se indica a seguir:

- a) Un 5%, se o prazo se supera entre 1 e 30 días naturais;
- b) Un 10%, se o prazo se supera entre 31 e 60 días naturais.

Cando o prazo se supere en máis de 60 días naturais, a axuda reducirase, ademais, nun 1% por cada día adicional, calculado sobre o saldo restante.

6. O prazo máximo para aboar a axuda por parte das autoridades competentes será de tres meses contados a partir do día de presentación da solicitude de pagamento correctamente completada, a menos que se iniciasen investigacións administrativas. As autoridades competentes deberán emitir unha resolución e realizar o pagamento no prazo máximo de tres meses contados a partir da data de presentación da solicitude de pagamento válida e completa, a menos que se iniciasen investigacións administrativas.

7. Non se aboará ningunha axuda relativa ao curso escolar 2017/18 antes do inicio dese curso.

Artigo 11. *Financiamento das medidas de acompañamento e outros gastos conexos.*

1. O desenvolvemento de medidas educativas de acompañamento e as actividades de seguimento, avaliación e/ou publicidade poderán ser obxecto de financiamento da Unión Europea no marco do programa escolar.

2. As comunidades autónomas e, se for o caso, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente serán os solicitantes de axuda para as actividades previstas no número 1 que se desenvolvan e que cumpran cos requisitos establecidos na lexislación da Unión Europea.

3. Os pregos que se elaboren no marco dos procedementos de adxudicación deberán incluír, ao menos, a subscripción por escrito dos compromisos establecidos das alíneas b) á f), excepto a alínea c), do número 1 do artigo 6 do Regulamento delegado (UE) 2017/40.

4. Para a obtención do financiamento da Unión Europea, as autoridades competentes, ou, se for o caso, o Fega, se tales accións foron obxecto de contratación pública por parte do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, deberán dispor de probas que demostren a entrega dos materiais e servizos prestados xunto cun recibo ou proba de pagamento ou equivalente, así como probas documentais que conteñan unha desagregación financeira por actividades e datos dos custos correspondentes.

Artigo 12. *Custos subvencionables.*

1. Poderán recibir axudas os custos relacionados no artigo 4.1 do Regulamento delegado (UE) 2017/40.

2. Os custos a que fai referencia o artigo 4.1.f) do Regulamento delegado (UE) 2017/40 considéranse incluídos nos custos da alínea a) do artigo 4.1 do citado regulamento delegado.

3. Non poderán recibir axuda da Unión Europea os gastos previstos nos artigos 4.3 e 4.4 do Regulamento delegado (UE) 2017/40.

Artigo 13. *Disposicións financeiras.*

1. A fin de que o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente poida presentar ás autoridades da Unión Europea a solicitude de axuda para o Reino de España establecida no artigo 3 do Regulamento de execución (UE) 2017/39, as comunidades autónomas deberán remitir á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, o máis tardar o 20 de decembro do ano anterior ao inicio de cada curso escolar, información sobre os fondos da Unión Europea necesarios para o desenvolvemento do programa escolar na súa comunidade autónoma para o seguinte curso escolar, de acordo co modelo establecido no anexo IV.

Para o curso escolar 2017/18 o prazo previsto no número anterior será de 10 días contado desde a finalización do prazo previsto no terceiro parágrafo do artigo 9.3 do presente real decreto.

2. Así mesmo, para dar cumprimento ao artigo 3.2.b) do Regulamento de execución (UE) 2017/39 e garantir o máximo aproveitamento dos fondos da Unión Europea, as comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, o máis tardar o 20 de decembro do ano escolar en curso, de acordo co anexo IV as cantidades de axuda que non vaian ser utilizadas no dito curso, para a súa reasignación.

3. Unha vez coñecidas as necesidades de fondos no ámbito nacional, en caso de que sexa necesaria a realización de transferencias de fondos entre os dous programas escolares segundo o previsto no artigo 23.bis.4 do Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, por cima do límite do 25% marcado nese artigo, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, en particular a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, axustará as cantidades solicitadas polas comunidades autónomas a través do anexo IV ás porcentaxes regulamentariamente establecidas, reducindo en caso necesario os fondos naquelas

comunidades autónomas que, segundo os datos comunicados, excedesen o límite do 25% e notificarállelo.

4. Os criterios para a repartición dos fondos, incluídos os resultantes da aplicación dos números anteriores, así como para a súa reasignación, será acordado cada ano no seo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

5. As axudas reguladas neste real decreto financiaranse con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía.

Artigo 14. *Controis das axudas.*

1. Os controis serán realizados polas autoridades competentes das comunidades autónomas en que se efectuase a distribución, que establecerán mecanismos de cooperación e colaboración que garantan o intercambio de información entre elas.
